

Informe Cuadrimestral nº 45 (Maio-Agosto de 2019)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de maio a agosto de 2019 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse dúas Xuntas de Escola extraordinarias os días 25 de xuño e 11 de xullo.

Persoal

5 de maio. Óscar Rodríguez Figueiras obtivo unha praza de Profesor Contratado Doutor polo Departamento de Enxeñaría Química.

29 de xullo. Nomeamento como Profesores Eméritos de Juan M. Lema Rodico e Francisco Guitián Rivera.

29 de xullo. Prórroga como Profesor Emérito de Alberto Arce Arce.

28 de agosto. Nomeamento como Profesora Axudante Doutora da área de Enxeñaría Química de M^a Ángeles Val del Río.

Asuntos académicos

9 de maio. Convocatoria de prácticas extracurriculares do Grao en Enxeñaría Informática.

10 de maio. Convocatoria de prácticas curriculares do Máster en Enxeñaría Ambiental, curso 2018-19.

13 de maio. Convocatoria de prácticas curriculares do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos para o curso 2019-20.

20 de maio. Defensa da tese de doutoramento de Dona Marlén González Amado, titulada *Aqueous Two-Phase Systems for the Valorization of Cheese Whey* e dirixida por Dona Ana M^a Soto Campos e D. Óscar Rodríguez Figueiras.

7 de xuño. Acto de fin de grao da X Promoción de Grao en Enxeñaría Informática sendo padriños dona Dora Blanco Heras e don José Varela Pet.

14 de xuño. Acto de fin de grao da VII Promoción de Grao en Enxeñaría Química sendo padriño don José Manuel Navaza Dafonte.

5-8 de xullo. Defensa dos Traballos Fin de Máster de Enxeñaría Ambiental.

9-10 de xullo. Defensa dos Traballos Fin de Máster de Enxeñaría Química e Bioprocesos.

15, 16, 17 de xullo. Defensa dos Traballos Fin de Máster de Análise de Datos Masivos: Big Data.

18, 19 de xullo. Defensa dos Traballos Fin de Grao en Enxeñaría Química e Enxeñaría Informática.

19 de xullo. Defensa da tese de doutoramento de Dona Xela García Santiago, titulada *Assessment of Management Techniques for High-Production Organic Waste*, dirixida por Dona Amaya Franco Uría e titorizada por D. Juan Manuel Lema Rodicio.

23 de xullo. Defensa da Tese de Doutoramento de D. Tomás F. Allegue Martínez que leva por título: *Development and study of simultaneous nitrogen and methane removal bioprocesses for wastewater treatment*, dirixida polos profesores Francisco Omil Prieto e Juan Manuel Garrido Fernández.

Actividades

9 de maio. Campaña de doazón de sangue.

4 de xuño. Conferencia 'WhiteMech: White-Box Self-Programming Mechanisms' a cargo de Giuseppe De Giacomo, da Sapienza Università di Roma. CiTIUS

27 de xuño. Visita do persoal do Servizo de Prevención de Riscos para realizar o control das condicións de traballo na ETSE, correspondente ao primeiro semestre de 2019.

12 de xullo. Inauguración da quinta edición de 'Inside the Lab' Centro singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS)

15 de xullo. Conferencia do profesor da Universidade de Bologna Marco Bandini titulada 'Catalytic functionalizations of aromatic compounds: new perspectives' CiTIUS.

Aula Profesional

2 de maio. Rompendo o Monólito. Arquitecturas baseadas en Microservizos. Impartido por Adrián Novegil Toledo, responsable da Área de Tecnoloxía de Everis, dentro da actividade "Talleres Técnicos GREI 2019", organizada por Antonio Mosquera González.

2 de maio. Mujeres en STEM. Mesa de debate: "Las mujeres en Ingeniería en el siglo XXI a debate. Competencias específicas y transversales." Ponentes: Ana González Pascual (Emerson), M^{re} José Raposo (Aplein Ingenieros) e Raquel Mateos Tejada (OSISoft). Organizado por ISA USC.

25 de abril e 2, 9 de maio. Introducción á edición de textos científicos en LATEX. Imparten: Pedro González Bascoy, Rubén Laso Rodríguez. Investigadores no CiTIUS. Ex-alumnos de Grao en Enxeñaría Informática. Organizan: José Carlos Cabaleiro Domínguez, Prof. Dpto. Electrónica e Computación.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

SOAGA	Máster Enxeñaría Ambiental
-------	----------------------------

MODUSROTA	Máster Enxeñaría Ambiental
NESTLE	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
CUARTAZONA	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
FCC AQUALIA	Máster Enxeñaría Ambiental
Addenda STAC	Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
PSA PEUGEOT CITROEN	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
AQUONA	Máster Enxeñaría Ambiental
GALICIA PROCESSING SEAFOOD	Grao en Enxeñaría Química

Visitas a empresas e prácticas de campo

10 de maio. Visita a EDAR de Guillarei polos alumnos da materia “Ecoprocesos para o tratamento de Augas e Tecnoloxías innovadoras” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos co profesor Juan M. Garrido Fernández.

10 de maio. Visita a SOLOGAS (As Somozas) dos alumnos da materia “Xestión e tratamento de residuos” do Máster de Enxeñaría Ambiental coa profesora Pastora M^a Bello Bugallo.

24 de maio. Visita a Tapia-Palas de Rey dos alumnos da materia “Contaminación e recuperación de solos” do Máster en Enxeñaría Ambiental, coa profesora Rosa Calvo de Anta.

27 de maio. Visita á Serra do Xistal polos alumnos da materia “Edafoloxía Aplicada” do Máster en Enxeñaría Ambiental, cos profesores Eduardo García-Rodeja e Carmela Monterroso.

Outros

8 de maio. O Grao en Enxeñaría Química acadou o cuarto posto do ranking “50 carreras” (edición 2019/2020) do diario El Mundo, na categoría de Enxeñaría Química.

19 de xuño. O Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos acadou o 5º posto no apartado de Ciencia e Tecnoloxía/Biociencias no “Ranking 250 Máster” de El Mundo do curso 2019-20.

19 de xuño. O Máster en Enxeñaría Ambiental acadou o 1º posto no apartado Medio Ambiente/Xestión Ambiental no “Ranking 250 Máster” de El Mundo do curso 2019-20.